

DORNA



EXPRESIÓN POÉTICA GALEGA Nº 41
2018

D O R N A



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND

4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND

4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2018

© Xunta de Galicia, 2018

EDITA

Edicións USC

Campus Vida

15782 Santiago de Compostela

www.usc.gal/publicacions

ISSN 0213-3806

ISSNe 2340-0099

EXPRESIÓN POÉTICA GALEGA N° 41

2018

DIRECTOR: Ramón Lourenzo.

COMITÉ DE REDACCIÓN: Alba Cid, Ismael Ramos.

SECRETARIA: Alba Cid.

COMITÉ ASESOR: Antonio López Díaz (Reitor da Universidade de Santiago de Compostela), Valentín García Gómez (Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia), María José López Couso (Decana da Facultade de Filoloxía), Francisco A. Cidrás Escáneo (Director do Departamento de Filoloxía Galega), Luís González Tosar (Presidente do Pen Clube).

FOTOGRAFÍA: benxamín otero otero.

As imaxes que aparecen na sección *Voces de fóra* son da autoría de Miro Villar. As que aparecen na sección *Poéticas* son da autoría de Claudio Rodríguez Fer.

DESEÑO E COMPAXINACIÓN: Antón García.

ENDEREZO: **DORNA**, Expresión Poética Galega, Cátedra de Lingüística e Literatura Galega, Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela, 15782 Santiago de Compostela.

ENDEREZO ELECTRÓNICO: dornausc@gmail.com.

FE DE ERROS: O comité de redacción de Dorna quere aclarar que a tradución da poeta angloaustraliana Anna Wickham incluída no número 40 estivo a cargo da tradutora Fe González Fernández. O seu nome debера aparecer na sección *Voces de Fóra* (páx.78) e no *Sumario* (páx. 102). As nosas desculpas por este erro.

A revista DORNA reitera o chamamento ás escritoras e aos escritores para que nos envíen as súas colaboracións, a ser posíbel por correo electrónico ou ben por correo ordinario, acompañadas dunha versión dixital.

O comité de redacción de DORNA non se compromete a manter correspondencia sobre os textos que se lle envíen nin a devolver os orixinais.

ESTA REVISTA SAE MEDIANTE COEDICIÓN ENTRE



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística



CREACIÓN

NOVA

Afra Torrado

stand-by

I
ante o cantil penso na
posibilidade

en sentir
a maxia do *stand-by*
nos pulmóns

séntelo así coma min?

traspásame a pel para amainar a miña sede
de abismo

a planicie

esténdese...

estou a piques de saltar:

agárrame dos pulsos e faima crer que nunca me
vas queimar.

II
déixaste abatir

fuxe
cando abra as fiestras

invádeme a luz

aquí quero que me enterres.

Ana Varela Miño

De peixes e outras vísceras

onde xaceron as últimas capturas ripadas do mar aberto, nótase aínda a
violencia dos cortes
ruído puro. cornas mariñas reclamando medo
a imaxe do corpo despezado no peirao
sucos en pedra decorren os fluídos
a conta sempre en litros de aceite

o berro faise carne
até reconecermos a potencia da fala
no fungar da balea

en silencio, termando do propio padal, aprendemos a extirpar o parasito da
boca do peixe
a xente do mar esgaza os ventres sen danar a carne
arrinca vísceras enxoitas

só na tanza recoñecen o perigo e engolen o becho confiados
xa dentro, o hóspede ocupa o lugar, deseca os fluídos
disimula a carencia para que o animal non sufra

(e así nós)

sabes que cada unha das rochas do cantil ten nome —aínda que ninguén o
recorde. ti tampouco recordas
camiñas descalzo, os arneiros incrustanse nos pés. algas. cunchas. animais
atrapados entre mareas
na cabeza resoa a respiración, o pulso metálico, a náusea do medo

unha lingua de auga virá para levarte
acoras

porén
no fondal o mar respira manso
de nove en nove

NATUREZA MORTA DE DÚAS MAZÁS E UN COITELO (A HUMANIDADE EN TRES ACTOS)

Primeira mazá: o gato morto

A tentación nace no estómago.
Segrega unha substancia aceda
que revolve todo e produce no corpo
un impulso excitante e irrefreable
que ascende coma unha enredadeira pola medula espiñal.

A curiosidade é unha necesidade biolóxica
aínda que a luz da revelación nos queime os ollos.
Precisamos agarrar o froito prohibido
enterrar nel os caninos
máis aló da pel
máis aló da carne
até o veneno.
O esencial reside na semente.

Segunda mazá: Magritte ou a cara oculta do ser

Sobrevivimos a base de partir a realidade
e observar o seu interior.

Coma un pexego
ou un cadáver.

Descubrimos que o ceo era un espello
cando rompeu a cachos
e choveron cristais.

Nós deitámonos nús sobre a verdade
aínda que corte
aínda que sangremos.

As montañas só parecen altas
dende o pé e o cumio.

Todo o que hai no medio
é a vida.

O único misterio que queda é:
como de grande é o froito que nos tapa
e como de fonda a mentira que agocha?

O coitelo: Judith aprendeu a doer

Ás veces
ocorre algo que electrifica o sangue
que transmite correntes a cada capilar
e acelera o corazón como unha máquina
ata que estoupa.
O colapso é un momento fermosísimo.
A guerra que o sucede
tamén.
Non hai imaxe máis poética
que a visión do pulso firme
e no medio da gorxa
atravesándoa
o que loide da vinganza.





Celso Fernández Sanmartín

Ceguei tarde
perdín avión

canto era por si
e agora non é

o corno da abundancia
aurora boreal

canto máis dereita cae a luz
máis dereita medra a planta

vaise tatuar esta tarde
por riba da cicatriz

este outono poucas noces
poucas castañas, unha cabaza grande

os estorniños chían
partíronlle co peso de tantos unha póla a un castiñeiro de indias

saíu cos auriculares postos cantar ó balcón
estaba contento

nin que a voz do río non fora música

cheguei pola mañá
amparado da inocencia e a risa

viven as cousas grandes vidas de cine
os relatos aumentan palabras globos de chicle

a bolsa cos carbóns
a sorpresa, a rabia, a soberbia, e eran ouro

rosas no interior
rosas de fóra

nada doe máis
ca un río que se corta

champán de burbulla fina

as rosas que viñan flotando no diluvio
e quererémolas nós, ou ?

Gonzalo Hermo

Eurídice

No corazón do bosque atopei unha fiestra.

Escoito a voz dos defuntos bisbándome ao oído:

—Mira.

Ao outro lado atoparás a razón do teu desexo.

Será fermoso como ollar de pronto
o nacemento abrupto de todas as cousas.

Despois xa non puiden recordar
como cheguei a este punto do camiño.

Só lembro regresar do inferno máis veces
para facer as mesmas preguntas
que hoxe me alentan a volver á escrita.

Entro de novo no poema como un lobo na noite.

Coma nun *déjà vu*,
un engano da memoria:

ramas de freixo,
pequeno lugar do mundo onde as cores se espallan
coma nun bosque atravesado por un río.

Vin o río morrer no mar
e o mar caer na liña do horizonte.

Vin a vida agromando nas extremas
onde a terra determina a cadencia da estación.

Era pola caída da folla e florecían os salgueiros.
A miña idea de fogar esvaecía pouco a pouco.

Dixeron:

—A razón da túa busca atópase detrás.
Todo canto no mundo che é estraño
terá sentido de repente,
de repente.

Pero eu non puiden mirar.

Porque non hai verdade que non doia.

Porque o prezo da visión é o silencio
para un corpo que lembra
ser detido pola man do seu propio desexar.

[*Epílogo:*]

A fiestra é a escrita, o inferno é a noite.
Só o corazón do lobo comprende a noite.

Só hai luz ás veces
cando a vida convoca o seu balbordo
e o poema cala
para oíla balbucir.

O tremor

Sentimos un corte no aire
e no aire dispérsanse todas as figuras.

Estrañas acaso
a fronteira definida das cousas
—o seu tremor controlado—
agora que o mundo se desfixo en partes
e agroma xebrada a semente da flor
a raíz do rebento que se arreda das follas?

Aprendín hai pouco a amar esa desorde
cando por vez primeira vin o vento axitar
os marcos do bosque un mes de primavera.

Vin o mundo aparecérseme completo entre cascallos
unha tarde de vento dun mes de primavera.
Voaban en anacos as flores polo aire.
O meus ollos mancháronse entregándose ao seu ritmo.

Poemas do libro *A vida salvaxe*,
XVI Premio de Poesía Afundación, no prelo

Ismael Ramos

A fotografía

James intenta obviar a presenza de Dennis.

Dennis ten frío. Dennis pensa que o frío se concentra no centro do país, pensa que o país é unha bolsa enorme de frío.

James intenta non mirar a Dennis.

Dennis pensa nos campos aló fóra. Dennis repara en que o rostro de James cambia coas gafas postas.

James non pensa.

Dennis quere sacar algunha fotografía deste momento.

James non se move.

Dennis cre que se cadra a James non lle gustaría que el collese a cámara nese momento. Pensa no seu cuarto tan lonxe do del nesa granxa.

James pensa na granxa.

Dennis pensa que a granxa é unha enorme bolsa de frío. Que no interior do país a xente constrúe casas grandes que non pode quentar. Dennis cre que a súa intelixencia é máis práctica. Que a xente é idiota.

James achega algo máis a revista ao rostro.

Dennis lembra todas as pensións nas que viviu en LA. Dennis non se decata de que antes estaba pensando na pobreza. Dennis pasou preto da pobreza.

James aparta a revista do rostro. Ao mellor Dennis podería tirar unha foto deste momento.

Dennis pensa no seu fillo. O cal quere dicir que esquecera o seu fillo.

James mira de reollo a man de Dennis.

Dennis pensa agora no corpo pequeno do seu fillo.

James pensa que a casa é grande de máis pero que polo menos nese cuarto estarán quentes.

Dennis repara nas mans grandes de James. Esquece de novo o seu fillo.

James cre que este sería un bo momento para que Dennis tirase unha foto.

Dennis esqueceu o seu fillo.

James comeza a ler o artigo que hai na revista.

Dennis cre que James representa moi ben o seu país.

James pensa se nalgún momento lle preguntou a Dennis pola súa idade.

Dennis fíxase nas gafas de James, tan preto da boca.

James volve comezar o artigo.

Dennis cre que James é intelixente dun xeito antigo e novidoso a un tempo.

James volve comezar o artigo.

Dennis pensa que James é o cabalo que cruza a estrada.

James xira a cabeza.

Dennis frea antes de esnafrarse contra o cabalo.

James volve ao artigo.

Dennis sorrí tarde.

lara dopazo ruibal

poema azul

arredor de ti e para ti
todas as dinastías de aves
de estrelas, de fontes
aliadas para recibir
as constelacións que saen da túa boca
o eco do teu riso
o movemento cálido que trazas
na curva dos ollos,
o fume azul
destinado para o acougo

civilizacións soterradas na historia
revivirán só para oír a túa palabra
só para demostrar que os teus pasos
se cravan na terra coma coitelos
e das túas mans sairán
bandadas de insectos formadas
por destellos de luz e de sombras
cimentarán un fogar para a paz
e nunca máis os teus ombreiros cargarán con dor
nunca máis a violencia sobre ti
porque camiñas rodeada de aves xubilosas
e cada vez que abres os ollos
seres extinguidos espertan do inverno
a auga cae do ceo coma un manancial
as mulleres levitan sobre a herba
e iluminan todo aquilo que tocan

dos teus dedos
unha e outra vez
ríos azuis e paxaros azuis e
peixes con ollos tan grandes
que comen o mundo,
respiran dentro da auga
e fóra da auga e alén
das marxes da auga

o teu poder estendido fóra deste papel
fóra desta voz, doce
coma os soños das sereas,
que agarda só a que pouses os ollos sobre ela
e así erguerse forte sobre
o gris da cidade que ten medo,
que non volverá ser
nunca máis cidade
e así, exterminar a morte dos insectos
perseguir o voo errático dos morcegos
e o seu pelo pequeno impredecible
convertido tamén ao azul
como marca de felicidade

aínda non o sabes:
os teus destellos
constrúen imperios afastados,
fráxiles como o máis fráxil
dos cristais que os cobren
e envolta nese halo azul infinito
só existen circos de son
invisibles aos ollos
tornados en lúas azuis
en perlas inmensas
en recendo salvaxe tan efémero
como este amor que che teño
como o medo a que marches
vulnerable de ti
camiño adiante polo medio das árbores,
co teu séquito de aves infinitas
que voan cara a luz sen ter medo da luz
e a auga, chovendo agora
desde a terra cara arriba
entrándome azul polo corpo
con toda a furia do mar
tan dentro que me converto nela e son xa
unha marea, unha das constelacións
que saen da túa boca,
só un eco da túa voz
tan redonda que xira sobre si mesma

coa súa beleza cegadora, máis azul
que o mar e o ceo xuntos
bordeándome por todos os lados
só
porque desexo tocarte
e que me ilumines
coa punta dos teus dedos
e a punta dos teus dentes
só
porque desexo o impulso
do teu resplandor libre
ser o vento
o eco de todas as sombras
e o seu silencio
fundida eu no teu riso azul
coándome entre os dentes
brancos ata o delirio
como auga, para ser parte
desa luz líquida
dese tacto colosal
invencible de ti e tan plena





María do Cebreiro

SANTA MARIÑA DE AUGAS SANTAS

1.

Non me colliches da man para subir ás penas. Ti xa estabas no alto,

e desde alí dixéchesme: «faino por min»,
e desafiando o medo de caer fíxeno.

2.

Axudáchesme a subir e axudáchesme a baixar. Na cripta enfadeime contigo
porque me facías bromas e lembrei que en Santa María do Cebreiro rir
tamén fora o teu xeito de lidar coa morte.

3.

Debín de ter escrito este poema no tren, cando as imaxes voaban arredor de
min como bolboretas.

«Ten que ver», díxenlle a unha amiga na viaxe de regreso, «co momento
xusto despois de que o sol se oculta. Hai unha especie de intervalo (...) no
que nunca reparara, que me parece case o máis importante do que acontece
alí. O que pasa é que son cousas (...) difíciles de contar, e ao mellor tes que
recorrer ás sensacións (...) para poder entendelas».

4.

Deixei de pensar en como sería dar a volta cando fun consciente do que
querías ensinarme.

Un pouco antes dixeras unha frase algo triste e moi fermosa: «estou sentindo
a fin do verán no noso país».

Caeu o sol, remataron as vacacións, caeu o verán, a idea do verán como un tempo sen obrigas.

5.

E ao teu xeito tamén me dixeches que o mundo era vello, pero que os nosos antepasados levaban tres mil anos sendo mozos cando miraban o sol.

6.

Se esta primeira landra non xermina escolleremos outra e outra e outra e outra até volver encher a terra de carballos

para que cada vez que volvas ao noso país poidas facelo por terras libradas.

7.

Temos unha verdade no bico, como os paxaros.

Se abres a boca, gárdala.

Un amor de verdade non se pode agochar.

8.

Tampouco o sol se agocha.

Parece que vai durmir entre as montañas e á luz aínda lle quedan —engadiches, con esa concreción da que sempre te prezas— uns corenta minutos.

9.

Fuches exacto.

E volvín confiar en ti, e non só no teu amor,

porque a noite do día antes viramos a marte e a saturno,
e entre aqueles dous corpos, a túa constelación de home aventureiro.
A casa era o meu ventre, que te abrazaba por detrás, e che dicía:
a miña estrela polar é verte.
(Xuntos descubriremos as poucas cousas que hai que saber da vida.
Delas faremos os nosos puntos cardinais.)

10.

Un día a estrela do serán díxolle á estrela da alba:

«Ti sabes por que temos o mesmo corpo?»

E a estrela da alba, que sempre estaba calada, respondeu:

«Na hora do nacemento e na da morte é como se a mencida e o solpor fosen o mesmo».

prohibido pintar

sobre este muro copiarei mil veces
prohibido pintar nas paredes, prohibido
pintar
nas paredes
así mil veces.
somos xente silenciosa, copiarei de paso,
apertamos os dentes cando nos cabreamos
e pintamos,
mil veces e unha máis sei fai falla
porque —mira ti que parvada—
cremos que os muros
susurran cando che ven pasar
aínda que ti non o notes, coñecen os teus pasos
tac tac tac tac tac tac
 mesmo se non te xiras para miralos
tac tac tac
 escriben ao teu ritmo
como unha vella máquina de cinta de carbón
e as palabras troquelan a túa sombra, practicamente a perforan
por iso sobre este muro
 copiarei mil veces:
prohibido pintar barcos
especificamente os de redes escasas, naves gobernadas por homes que
coñecen as marcas, que as anotan na cabeza, nunca as din na taberna, gár-
danas da lingua e dos licores, porque son a súa relixión pobre e verdadeira
prohibido pintar, para maior agravio, as mans que acariñan as costelas
dos navíos, seres mariños temidos e desexados, os dedos que os amansan,
prohibido falar da miseria das xentes que martelan, soldan, lixan, pintan,
desmontan motores, tiran cable, cosen rede e manteñen outros oficios
igualmente miserables.
prohibido, prohibidísimo, pintar sobre o pasado, eviten a tentación de facer
esbozos da folga dos vinte días, da marea calada que baixa a Gran Vía ar-
mada de rabia e chaves e parafusos, da casa do concello tomada polo naval,
das mulleres arremangadas que lles dan soporte, dos tiros sobre a ponte das

Pías, do asasinato, da clase obreira galega e do seu día que é tódolos días dende aquel e xa ningún. Prohibido dubidar dos anos 80 e da transición. queda limitado o uso de imaxes de barquiños ao enalzamento da pesca como loita entre home e unha forza natural, por suposto, debe afastarse toda sombra de pobreza, tópanse como modelo mariñeiros rudos pero elegantes, nin mentar a ecoloxía, non entrar no do tráfico de persoas, naufraxios só anteriores ao XIX, xirar a vista cando pasen petroleiros e pobos en loita, fuxan do feminismo, o feminismo aburre, cando se viu unha feminista bañarse nunha praia? nada de políticos en iates ao sol da cocaína, obviar a evidente illa de plásticos que os nosos netos poderán colonizar estamos xa na noventa e nove: Prohibido pintar paredes, a nosa é unha cidade fermosa
prohibido mirar máis alá das paredes
prohibido
somos xente reflexiva. eramos xa crianzas raras. apertamos as mandíbulas ata gastar os dentes e por entre eles rosmamos
prohibido pintar prohibido pintar
unha cousa quede clara,
todos os muros merecen falar na lingua acrílica da verdade
se non queren que pintemos,
derriben os muros.

cubríanos
a sombra.
a sombra era unha tarasca que podía ler o noso pensamento.

caía a noite e o terror
couceaba
botaba abaixo as portas das cortes e cabalgaba en manda
o terror era o nordés que batía nas contras

a noite
e sobre o océano, a sospeita.
axitábase baixo as augas, mostraba apenas o seu lombo
as escamas do lombo, un baixo cuberto de arneiróns e sobre el
o mar
e ningunha certeza
os panos brancos do mar, a medio palillar aínda
polas mans dos afogados

cubríanos a sombra
a posibilidade de amencer enterrábana na lama as bestas ferradas
afogábanos

era preciso unha torre, un prodixio de lente freshnel
unha fenda no alto valado que rodea a enfermidade
unha físgoa a medida da dúbida,
a medida do aceite, da chama, da cuña dos canteiros
e por ela que entre unha veciñanza armada de luz

era preciso unha porta aberta que derramase un camiño resplandecente
un edificio sen pantasma
e cun setestrela no alto, brillante como unha nai
de brazos abertos, que nos sostén coa mirada:
apenas sabemos nadar pero, con esa confianza, erguémonos para ir á
marea.

OUTONO

Nas tardes de outono
os nenos xogan no parque
con gritos e xestos esaxerados,
dinse cousas
que ninguen entende
e logo, trala insistencia,
voltan a casa.

Nesas tardes,
alguen, alı, espera
o seu regreso
porque cando o fai
deus descansa no seu nome:
el trae a luz e a promesa.

—Ven, achegate
quero ver se aıda tes
o cabelo enguedellado.

Nas tardes de outono
o neno sube as escaleiras
con ansia nova
na procura de calquera cousa
que o entretena.
Grita, inquire, reclama
e di «mama».

Os cuartos dos nenos en outono
estan cheos de pinturas,
xoguetes
e follas secas das rbores
para levar a escola.
—Ven que te peitee.
Cabem cen paxaros nese pelo.

Nas tardes de outono
algúns nenos parten
para sempre
levando a luz e a palabra.





Olalla Tuñas

Fronteira

Esta avenida
con nome de home
foi erguida noutro país

só quedan as viúvas

sentan no Café Sibylle
con torta

falan da dor

levantar a rúa
coas raíces

contan o namorar na escola
as viaxes ó leste

perder a casa
de novo

só claman ó pai
que che toma en brazos
e che lava as mans

que sostén o mundo

as árbores plantáronas
na humidade da fin do verán
os traidores

Cartofilia

I.

son un ollo estranxeiro
procurando historias
que non me pertencen
nas galerías das casas
para poder tornar
cando pecho os ollos
e sinto como a auga mexe
todo o peso do mundo

esta cobiza permanente
de atravesar os lindes

II.

levo a epidemia no estómago:
mirarte de esguello
e cravar coitelos cos ollos
mentres te afagamos

invocamos o meigallo que cae sobre todas nós

III.

teño tamén na memoria
a todos os amantes:
confeso que decote
estraño olladas e voces
porque colecciono pupilas fitándome
e volvo ver as mesmas películas:
acubillo nas mans
aloumiños sen amor nas fazulas

IV.

quero que me mires
para que te decates
que xa non habito
nunha pel diamantada
que a muda sucedeu
cando me afundiches no meandro
no tempo das crecidas.

Quico Valeiras

A ILLA

...todos istes montes son caducifolios
e é inverno

agora que descende a auga máis limpa
témolos xeonllos soterrados
coma as estatuas de creta

ningún lugar será teu antes da caligrafía
que anuncian os tambores distes montes
ningunha terra que non sexa neve branquísima

escandinavia debuxa a fuxida
na cicatriz do seu lombo
e ti sempre tiveches medo do mar
porque fala

ningún itsmo atalla á illa,
ti non tes illa

escandinavia é un epitafio de azufre

baixo a neve as madrigueiras
equivocaron tódolos seus labirintos
e as paredes caíron coma unha avalancha salvaxe
sobre a polisemia dos embrións

quen chorará cando pregunte polo pan das escribas?

estas augas que acariñan un xeo todopoderoso ante o sal
iste sal que embrutece

nunca creron en casandra as antigas naves,
tampouco as novas

novas naves de alicerzar que salifican
e os teus ollos alén da miopía destas madrigueiras
nada conquistan,
redondos enormemente redondos
ningunha illa,
ti non tes ollos

por e pra LAR Legido

atopei unha posibilidade:

no útero fraccional das baleas

Ana Cabaleiro

Sempre había patacas

Eu aínda son desa estirpe das que chegamos a coñecer as herdeiras dun tempo en que as patacas non sempre chegaban á seguinte colleita. Desas mulleres que arrastraban, na memoria e no corpo, o estigma da escaseza e da fame, de cando quedar sen patacas supuña malvivir cunha besta inmunda rillándolles as tripas.

Mais cando eu nacín xa sempre había patacas. Colleitas farturentas que campaban orgullosas nos rochos, nas adegas, nos sotos, nos faiados. Testemuñas do triunfo da abundancia. Por iso as do meu tempo, de pequechas, nunca chegamos a precisar do ventre dunha balea para as viaxes da imaxinación. Nós as primeiras viaxes fixémolas enriba dunha pataca voadora.

Tiñamos historias domésticas. Das que se lle contaban a calquera, anécdotas da familia, do díxome que lle dixeran, do seica pasou e tal. Tamén das que non se contan en voz alta, esas que se bisban ás agachadas, a media voz, na intimidade dos segredos, para que se propaguen velozmente como o escaravello no mes de maio. E tamén das outras, das da vergoña, das que se comparten coa única intención de procurar un apoio para sostelas, para sobrelevalas. Mais para viaxar esas historias non valen, o que se precisan son contos.

Lembro un tempo en que sentabamos na solaina á tardiña, no meu recordo é sempre unha tardiña de verán, cos mosquitos revoltosos no aire morno e coa señora Inés, costureira de dedos longos e retortos, botando o seu repertorio ao mundo. Arrolaba a señora Inés os beizos e xa nós viamos os contos vir cara a nós, desbocados, e prendiamos neles por un fío que saía colgado dunha esquina algo esfiañada, ou dun pespunte aínda sen rematar, e amarrabámolo ben e tirando del subiamos ás nosas patacas voadoras para viaxar por outros tempos e outras vidas. Tal era a emoción que mesmo nos parecía que co noso voo íamos levantando nubes de po dourado no atardecer. Viñan os contos da señora Inés sempre preñados de medo e de escuridade, porque era na noite onde mellor enraizaban e máis medraban, onde os lobos todos do país se confabulaban para aterrorizar a malpocadas aventureiras que habían cruzar un monte, ou ir buscar unha vaca parida a unha veiga, ou ir visitar unha moza a unha casa apartada, que sempre era unha moza pecadenta e proscrita, nunca unha pura e nobre cincenta coma a dos nosos

libros ilustrados. Arrolaba a señora Inés os beizos e toda a maldade do mundo prendía sen dor nin piedade e ía arrasando ao seu paso os corazóns inocentes das mulleres brandas. Non había sitio para a candidez e para a inxenuidade na boca negra e fría da señora Inés.

E nós, as pequenas, viámoslo vir desde a nosa pataca. Aos cabróns quedeusmeperdoe dos gardas que mallaban nas mulleres que andaban ao estraperlo nas minas, aos cabróns quedeusmeperdoe dos curas que lles negaban a terra consagrada aos paseados, asasinados nas cunetas, aos cabróns quedeusmeperdoe que tiñan unha vara de amieiro á man para mallar na muller cando volvían da taberna, aos cabróns quedeusmeperdoe que pelexaban a croiazos, a puñadas e mesmo a tiros, por un marco que se movía na noite, ou por un souto que se perdía por mor dun lume no verán, ou por unha quenda da rega mal contada, ou por un quítame aquí estas pallas. Eran tempos duros ese polos que nos mandaba a viaxar a señora Inés. Eran viaxes en que o frío rillaba nas orellas e inundaba de veneno as alegrías, os pulmóns lle chamaban no colexio, en que as partillas dunha herdanza condenaban a dúas irmás a desfacer o único colchón dunha casa para repartir a la, en que as fillas se contaban con cifras que distinguían as morridas das superviventes, tempos en que nós, as pequenas, xa nunca fomos quen de acreditar. Para nós non eran máis ca contos de entretemento, o que era tanto como dicir contos de mentira. Sobrevoabamos na nosa pataca aquel mundo de desgrazas e padeceres só polo pracer de agasallar os nosos ouvidos cun conto ben botado.

Tarde nos decatamos de que a arte de botar un conto vai parella á arte de escoitalo, que son artes siamesas. Agora sei que pertenzo a unha tribo que puxo moito empeño e gastou un bo esforzo en aniquilar a súas artes primitivas. Foi un camiño longo, sementado de présas, de coches novos, de eiras que fomos pechando con cancelas automatizadas, de renuncias á nosa condición de traballadoras da terra, de terapias especializadas na superación, de pímulas deseñadas para non sufrir, de avións que nos amosaron horizontes que prometían a felicidade, de rúidos de aparatos novos, aparatos necesarios e innecesarios, pero moitos, sempre en cantidade. A arte da cantidade é o noso novo pracer, ese co que conseguimos matar os praceres vellos, os que xa non serven para nada. Agora xa case nin lembramos o pracer de escoitar un bo conto. Xa non precisamos del.

Mais eu son desa estirpe que aínda corre o risco de recaer nos praceres vellos. De escoitar, na visita do domingo á tarde na residencia da avoa, a voz tremeluciente de Rosa de Inés. *E ti lembras, filliña, aquel lobazo que atopamos aquela noite que fomos buscar a comadroa...* E Rosa de Inés, herdeira da contadora da miña infancia, vai traendo, mentres mira cara ao baleiro que

hai do outro lado dos seus ollos, toda unha noite de chuvia e tronada e de ouveos de lobo e de medo de dúas mulleres desesperadas. Eu véxoo vir cara a min, atravesando a sala grande das visitas, un conto dos de toda a vida, dos ben botados, dos de cando en cada casa había unha costureira e as patacas sempre chegaban á seguinte colleita. Di a avoa que Rosa de Inés xa non nos coñece, que ten a cabeza revirada cara atrás, que pensa que ten vinte anos. Non pode saber, logo, que xa ninguén planta patacas, que está prohibido por mor dun becho estranxeiro, unha tal *Tecia solaihora*, que no nome común lle chamamos a couza guatemalteca, unha praga que nos rebentou as leiras. Rosa de Inés non sabe que a lei nos prohibe plantar patacas e que xa non nos importa. Que agora temos praceres novos.





Perdices e perdices

Isto que che vou contar, ten que morrer contigo.

Naquela noite única, ela ía magnífica. Levaba un sorriso elegante e sobrio, e un traxe branco imposto pola convención social festiva, palabra de honor, longo, sen veo mais co diadema de lirios de auga e rosiñas de pitiminí propio dunha nena prepúber.

Dixerades si quero.

Eu tamén.

Pero ti non me ouviras.

En parte, porque cando pronunciaras a afirmación non condicional, que eu querer, queríate sen condicións, mais ela non, ningún dos dous estaba no mesmo lugar. Ti mirabas os seus beizos, rodeado de familia e amigos, se acaso un reverendo ou unha reverendísima oficiando o casamento segredo, non oficial, mais real e indiscutible. Eu, a trece latexos de distancia, falaba contigo unha xorda oración coincidente con aquel texto que no gardanapos de papel do Hotel Cascais redactara para ti, para que lle declarases o teu amor eterno antes de fodermos sen tregua pola túa liberdade. A que xa estaba fodida desde o primeiro día no que decidíramos non amarnos, non respectarnos, non querernos, non coidarnos, malia que a morte nos separase.

Nos aperitivos, sabía o programa de memoria, facía gumbo. Sabes que detesto cocinar, porque me quita o sentido, porque me fai pensar só na pulcritude de cortar anacos perfectos, iguais, categoricamente idénticos. O gumbo, xa o din os especialistas, é unha boa comida de festa porque conxela ben. A cocinheira, despois de facelo, remata tan cansa que a simple idea de probar o guiso repúgnalle sobre todas as cousas. A min repugnábame quererte sobre todas as cousas.

O segredo do gumbo é unha masa marrón, o *roux*, densa, quente, que ten certo nome de felación, coma todos os principios. Mestúrase fariña e manteiga, a fogo lento, e cunha culler de pau remexes, e remexes e remexes coidando que non queime o cu e desfaga todo o traballo, os últimos quince minutos son cruciais. A culler, coma unha lingua, separa aquela amálgama castaña. Pártese e cheira a todo o que conta, a flocos de millo, a celuloide na fila de atrás, na que non mira ninguén, á voz de Jennifer Ehle dicíndolle a Mr Darcy que vaia tomar polo cu, que non o precisa, que non o quere, que non acepta un cambio de opinión dun rapaz mimado e condescendente que non atende ao que importa, ao que vale, ao que de verdade marca a

diferenza. A xenebra e pel de limón. Á coitela seca dos teus beizos pechados baixo os meus, das mans que non me buscan.

Feita a pasta, coas pernas ardendo de dor de tanto suxeitarme as penas, engádense os primeiros pratos á cerimonia, e na miña mesturo a negación das bágoas da cebola, cubos de cores de pementos vermellos e amarelos, apio, o xusto, que cando o frescor supera as expectativas domina o sabor do guiso, e sal. O sal da terra, o sal do ermo no que morren desangrándose aqueles cimentos da casa que nunca chamaremos nosa. Anacos de chourizo, picante, loureiro, allo, tomates ecolóxicos, dos que aínda saben, cortados coma dados do parchís, que dixeras ter a mesma orixe que o *Kama-Sutra* e os pixamas, sabendo que eu durmo espida. Espero a que ferva, lévalle un millón de anos nos que degluto catro botellíns de Estrella.

Non preciso acender a pantalla do móbil para sabervos mosqueteiros dunha torta de tres pisos, a ela dóenlle os pés dos tacóns, eu sento á mesa da cociña sostendo o coitelo polo mango, deixando a xema do polgar pousada sobre a folla, premendo ata que proe, por ver se aínda sinto. E non.

Falta o polo, zancos sen óso, moles, fríos, desintegrados. E anacos de centola arrincados da gaiola cáustica da súa propia cuncha. Non sofren, xa non. O gumbo coce a ritmo de vals, glupglupglupglupglup-glupglupglupglup. Apago, déixoo que repose.

O gumbo conxela ben, a trece latexos de distancia sinto na miña pel os teus orgasmos non finxidos, mais forzados. Cando arrefría, divido o contido en pequenos recipientes de plástico, dá para oito.

Cada noite que pasas comigo, abro un. Quéntoo no microondas e pápoo ardendo, chorando, queimándome por dentro e por fóra, na negación de que aínda te quero. Nunca quitas o anel, nunca cho pido.

Van seis.

No fondo, os dous sabemos que pasará cando o remate. O gumbo conxela ben, está en suspensión emocional ata que o precisamos, ata que a cámara descubre a Colin Firth enchoupado, *cachondo*, erixíndose Dama do Lago de Pemberley e Miss Benneth perde as bragas.

Isto que che vou contar, ten que morrer contigo. Elizabeth Benneth e mais eu somos fodidas princesas Disney.

Rexina Vega

Fosfato de calcio

O meu corazón non está aquí, non teño xa lugar ao que regresar. Teño medo. Non podo pensar. Non podo tocar o que aínda está aí. Desdoblado, partido en dous. Son só unha gasa que se move no aire e que ninguén pode ver, berro e ninguén me responde, pero eu aínda escoito, aínda vivo, aínda teño conciencia de min, dos meus límites de carne. A metade de min está prostrada, encerrada nunha caixa estreita sobre a que hai tempo xa que as flores sucumbiron, ramiñas secas, leña amarela. Véxome tan púrpura e gris que non me recoñezo, pero son eu, si, este corpo ao que non podo chegar, que xa non me obedece. Desvestinme del, perdino e agora estou así, espido en medio de ningures con este desexo de aferrarme, de cavar na terra para que o seu peso terme de min, para que non me deixe saír voando cara ás fauces do descoñecido.

Estou aí, fermentando entre gases, líquidos e sales, o meu abdome medra, incha, empurra cara enriba como unha medusa que me deforma e me quere romper desde dentro. Desfágome en torrentes negros, unha sopa de tecidos que serpean polo meu ano, polos meus ouvidos, polas buracas do meu nariz, chorreo substancias que se coan polas fendas da madeira desta caixa tan brillante, a miña cara desaparece, a miña fermosa cara, non ten xa trazos recoñecibles, un amasillo no que medran burbullas de gas. A putrescina, a cadaverina, desatan esa doce fetidez que dá nas antenas dos limpadores, ese exército minúsculo que xa está en marcha para devastarme. Intento en van apartar as primeiras moscardas, que entran na miña boca, que pousan nos meus ollos, nas fendas que se abren na pel que estoura. Véxoas, frenéticas, coa excitación da promesa, un programa de transformación que debe completarse. Dos seus bandullos dun azul irisado saen centenaes de ovos branquísimos que procuran acomodo en min. Todo é tan rápido. As puntas brancas que defecan as moscas convértense en vermes, a miña carne putrefacta está entrando aí, neses tubos comedores que me descompoñen. Medran en min, seméntanme, florecen no meu marasmo, este final igualitario da carne axiña acada un ritmo entolecido, miles de ganchos brancos triturando os tecidos corruptos, un cardume de movementos exactos e continuos. O final do meu corpo está pautado como unha monstruosa coreografía. Cando as larvas bailarinas acadan demasiado peso como para continuar retíranse do campo de batalla, déixanse caer ao chan e descansan convertidas en pupas. Axiña sairán de novo transformadas en moscas azuis que, logo de emprender un

voo raquíptico no recinto cerrado da caixa caerán de novo sobre os restos para volver deixar as súas pequenas bombas brancas, ata que non quede nada. Esta é a lei para todo o que vive, esta é a maneira de abandonar o barro mortal, a casa de carne. A secuencia que come, o cadáver convertido en universo.

O escaravello esperta, rebule o ácaro, a formiga, a avéspora, a araña, todos veñen a esta explosión de vida á que dá lugar o meu corpo. Todo o que come é comido á súa vez, as larvas e os ovos das moscas como atractivo reclamo dunha miríade de artrópodos. Unha rede comunal, un traballo colectivo e incesante que desfai con minucia a materia para que poida recompoñerse: nitróxeno, fósforo, potasio, magnesio... Esa é a pucharca á que estou sendo reducido por este exército de seres diminutos, a disolución dos tecidos, a redución do que fun a unha simple arquitectura de ósos brancos, a trabe, a armazón. Só iso vai quedar do meu paso pola terra, os ósos como peñor, a única testemuña de que algún día existín, alentei, comuniquéi a miña rabia e a miña urxencia, o meu entusiasmo sobre todo o que vive. Unha dureza branca, os cairos e as moas empastadas, iso permanece coma un excedente inservible, como as guedellas do pelo que agora se despegan do cranio, como as unllas que agora alongan os meus dedos lívidos. Como fai a terra para asumir tanta materia irreciclable? Como poden aínda os vivos ter espazo entre os restos que deixou a maioría? Fosfato e carbonato de calcio que non desaparecen, que fican aí, sen transformar, construíndo unha catacumba milenaria de concas baleiras, de costelas como arpas, de espiñazos como serpes, a elegante delgadez dos fémures, o delicado engrenaxe das mans. Frío e calor e néboa caendo eternas sobre a materia inerte. Os cadáveres son liñas, bosquexos mínimos, esencia dunha forma que xa non está. Iso é o que permanece nos nichos, nas foxas, nos osarios, esa substancia calcaria. Cando o proceso se complete, cando os que comen marchen, xa non poderei entrar en min, xa non poderei habitar esa filigrana rota. Duascentas seis pezas duras e trinta e dous gramos de nitróxeno, dez gramos de fósforo, catro gramos de potasio e un gramo de magnesio sobre o chan.

Xavier Queipo

A ESFERA FRÍA

Un día aprendéronnos —sorpresa— que o mundo era o azar e as órbitas das cincuenta e tres lúas de Saturno e os seus varios satélites resultado incerto dunha danza sideral nunca soñada, que unha hélice, abríndose e pechándose ao ritmo que a casualidade lle marcaba, era a orixe da nosa vida no planeta, que o acaso gobernaba as nubes, os ciclóns e as treboadas, que o movemento caótico das partículas elementais, facía fluír a materia entre dous planos do nada.

No día seguinte —abraio múltiple— entendemos que aqueles que cruzabamos no paseo, todos e cada un, eran, ao unísono, iguais e distintos, pois levaban prendidas tras dos ollos, ideas, instintos, sentimentos e sensacións insondáveis. Nada era produto dunha orde arquitectada de antemán, senón avance estocástico en ondadas —cada unha diferente, cada unha igual no seu aquel de onda. Sentimos medo á desorde, medo ao azar, medo ao acaso, medo ao diferente, ao que non acredita na orde marcada, medo ao caos que precede —sempre— a unha outra orde temporal e evanescente.

No terceiro día —cansos de tanta información binaria— aprendéronnos que a evolución nin sempre é lineal, senón produto da danza aleatoria de variábeis inesperadas, de parámetros inconmensurábeis, de factores inauditos, de secuencias casuais, de vaivéns de ondas e corpúsculos, de vagas e contravagas que se confrontan na escuridade das covas, na penumbra dos tobos, nos abismos do océano, na lava dos volcáns, na calor das fumarolas, no frío encerrado nos glaciares.

No cuarto día —ansiosos de saber— contáronnos que o futuro comezou, que os xeos se derretían a ritmo acelerado, que a atmosfera mudaba a composición de gases, que os plásticos circulaban nas arterias, que tupían os capilares, que formaban émbolos que farían estoupar o noso corazón medrado, os nosos pulmóns asolagados e fibrosos, os nosos riles calcarios, o noso fígado esclerosado que xa non era quen de filtrar os velenos insidiosos, os fluídos visguentos, a flegma que entreveraba o noso corpo amolecido e triste.

No quinto día —o escrúpulo en todos nós xa era ningún— comezou a guerra sen cuartel, o ataque indiscriminado, a barbarie ética, ficaran lestras as aldeas e despoboadas as cidades, fedorentas as lagoas e bravos os tantos mares que no mundo hai, de onde bechos quiméricos xurdían dos fondos mariños coas

fauces abertas arfando sen ar, onde as baleas varaban nas praias por millares, como medida, espello e cifra da furia desatada de Leviatán.

No sexto día —deslustrados e dando os últimos arrancos á vida— observamos a danza paradoxal das cincuenta e tres lúas de Saturno e os seus varios satélites saíndo das súas órbitas en desvarío, movéndose alouçadas nun universo en compresión, no bater contrario do que noutros tempos fora. Daquela o medo tornouse terror e os berros mudaron en urros desesperados e, ao cabo, un caos calmo precedeu o alborexar do sétimo día, cando se cadra xa non eramos.

No sétimo día, a quietude deu paso a unha enxurrada de enerxía, os buracos negros medraron en túneles e galerías, rañando na codia da materia, as estrelas apagaron a súa luz logo de grandes explosións, os cometas foron atraídos —todos eles— implosionando en negro, e o universo ficou, entón, escuro de noite escura. Nun punto, de súpeto, condensou a luz nunha esfera fría. O tempo non existía. Xa nada era.





Xosé Carlos Carracedo Porto

INFANCIAS

O outro día estaba coidando a unhas nenas de catro anos e houbo unha disputa.

—C. chamoume lupa.

Pregunteille á agresora por que o facía. Respondeume cun verso.

—Ten un vaso nos ollos.

Quixen tirar do fío para que a poeta continuase co seu recitado, mais escolleu calar. A pobre adquiría consciencia de que algunhas persoas a reprimían por «falar dun xeito estraño». Derrotaba o mundo a unha artista? Temín o peor.

Continuei indagando e proporcioneille unha maior liberdade permitiéndolle xogar cunha charca —téneno prohibido—. Que fixo? Almacenar auga en pequenas garrafas.

—Que fas?

—Estou recollendo as bágoas da miña amiga. Quero ver, en grande, como está por dentro.

—Como?

—Bebéndoa co telescopio do corpo —confesou rindo.

E marchou feliz, pese a que lle retirei unha auga que logrou beber tras unha trasnada propia da infancia.

Despois advertíume:

—A miña amiga está moi mal.

—E logo?

—Dóeme moito a barriga.

ESTILO PLOP

Á tarde fun nadar á piscina e pareceume escoitar a unha muller recitando o famoso haiku de Matsuo Basho que di:

O vello estanque...

Unha ra saltou

Plop!

Ao principio pensei que era a miña imaxinación, pero a réplica sucedeuse durante todo o exercicio como se dun eco se tratase. Angustioume un pouco, non o vou negar.

Antes de marchar, o socorrista contoume que a señora reproduce ese haiku varias veces case tódolos días dende que chega ata que a auga fica como un prato. Que espera ata ese instante para saltar e... Plop!

Terá vocación de anfibio? Descoñezo a resposta.

O caso é que a auga volveuse sibarita e intenta afogar a quen non se presenta recitando poesía ou lendo unha historia. Dende aquela sempre vou facer exercicio cun exemplar da revista *Dorna*.

IRA

A tarde avergoñábase e as tebras confabulábanse para saír. O pequeno regato regaba o rego da braña e nós non dabamos chegado á casa. Monet respirábase dende o teito até os prolongados prados, a auga queda, os vieiros crus... Se o pintor captase a esencia da estampa que contemplabamos, tamén expresaría o canto dos xílgaros, da rula, dos paporrubios, gorrións... Expresaría unha fermosa sinfonía pictórica.

Nesas estabamos cando un lóstrego partiu a odisea e o meu compañeiro quedou na outra beira. Pronto me decatei de que o ceo fora cómplice. Por iso ficara colorado!

Estaban a retratarnos e non gustamos. Racháronnos!

Será que o pintor se fixo maior ás presas? Será que non cultivamos o gusto polos lugares ricos en nenúfares? Tratarase dun accidente? Será que non somos inspiradores? Será que somos pouco agraciados? Será que o vello renovador vese anticuado?

Non sei que aconteceu aló nalgures, mais xa non vía ao meu amigo. O abismo que se abrira ocupaba tódolos lugares aos que acertaba a mirar e intuín que Monet se desfaría do seu pincel desaprobando a súa propia creación.

Non sei que será de nós. Dáme que desta acabamos no lixo. Que podo facer?

Esther F. Carrodegua

malcriada
UNHA HISTORIA DE AMOR

*Para as persoas da Asociación Xiara
que me contaron algúns destes Contos Reais*

[a protagonista, no *chester*]

vivo aquí
na túa casa
—coma quen di—
teño as túas chaves
—porque ti mas deches—
teño as chaves da túa casa:
da casa
onde tes
o teu ordenador
e as fotos dos teus fillos
os recordos de voda
os bonecos de *star trek*
o que sexa
as xoias
tamén
a caixiña coas xoias agochadas
máis agochadas
aínda
que o vibrador
claro que sei
onde tes o vibrador
recorda:
teño as chaves da túa casa
coñezo os teus horarios
coñezo · os teus · horarios
e as túas manías
como por exemplo

a de vir de cando en vez
ao longo da mañá
alegando calquera cousa
vir ver se estou
¡claro que estou!
¿por que non había de estar?
sei
dos teus horarios
das túas manías
do teu chocolate cando tes a regra
sei do sexo
da falta de sexo
seino todo
e o que non sei
podería sabelo
se quixese
é só cuestión de querer

un día
sentei aquí
no sofá
media hora
así
coma os ricos
coma as ricas
decidín chegar media hora antes para sentar no sofá
NINGUÉN COMPROBA SE UNHA CHEGA ANTES A TRABALLAR
NINGUÉN
sentei no sofá
non acendín a televisión
pareceume de pobres coma min
de pobres coma min
ver a televisión
OS RICOS NON VEN A TELE
OS RICOS DE VERDADE
NON VEN A TELE
se eu fose rica
non vería a tele
nin escoitaría a radio
¿que me habían de importar as miserias dos demais se eu fose rica?

se eu fose rica
non había de ver a tele
nunca
máis
NUNCA
MÁIS

na primeira casa
coa primeira ama
un día
chegou unha cadela
eu era unha nena que aínda tería que ir á escola
ela unha cadela en idade de mamar
queríana os nenos
nenos coma min
unha cadela
falaban deste desexo todos os días
un perrito mamá
un perrito por favor
por favor
por favor
e por fin chegou
a cadela
e mexou por min
estaba asustada
máis asustada do que eu estivera o primeiro día que comecei a traballar
naquela miserenta casa
na casa
daquela muller
por chamarlle algo
a cadela mexou por min
en realidade mexou por ela
por ela mesma
só que eu estaba alí
tentando calmar o seu medo
tranquila bonitiña
tranquila
tranquila
eu entendíao

entendía o seu medo
empatizaba co seu medo
sabía de ben o que era caer nunha casa onde posiblemente ninguén
NINGUÉN
a quería ben
¡que mala sorte caer nunha casa así!
¡que mala sorte!
eu odiaba os cans
os cans e as cadelas
ódioos
ninguén me preguntou
empaticei coa cadela
¿como podía non facelo?
era unha cachorriña
nada máis
mixiricaba
estaba desamparada
era como a cadela dos anuncios
a cadela dos malditos anuncios que sairía tantos anos despois na televisión
e que non serviu para nada

'non a deixes soa'

OS RICOS
NON VEN A TELE
TANTO LLES TEÑEN OS ANUNCIOS
NON LLES SERVEN PARA NADA
NON VIRON QUE NON SE PODEN ABANDONAR AS CADELAS

a señora
a miña ama
abandonou aquela cadela
no chan
e dixo

fai algo con ela

fai algo con ela

díxoo como di ela sempre as cousas
e ela non sempre é a mesma ela
ela é un xenérico
nin sequera eu son sempre eu
podo ser calquera
calquera malcriada coma min
a cadela mexou por min

mexou por si
eu quedei petrificada
mollada
coa vergoña pegada
cheirando a mexo
e todos dixeron

pobriña cadelíña

eu era menos que aquela cadela
ninguén se preocupou por min
ninguén se preocupou por min
ninguén se preocupou por min
aquele verán
-ano de 1965-

tiven que quedar sen un mísero día de praia por coidar dela
da cadela

hay que quedarse con la perra

alguien tiene que quedarse con la perra

¿entiendes?

a cadela non podía ir á praia

no puede ir

a la playa

¿entiendes?

entendo

entendo que tes unha cadela

e non queres termar dela

moito desexei a súa morte

mesmo queréndoa tanto como a quería

porque alguén a tiña que querer

mais pensar que non podía estar na miña casa

coa miña xente

cos meus

ter que estar alí

ter que estar de vacacións coa cadela

coidando da cadela

para que ela non estea soa

ter que estar eu soa

unha cativa de coletas

perdida

nunha fermosa vila de mar da costa

de calquera costa

xa nin importa
coa cadela
que tiña un sofaciño
mais bonitiño
do que eu tiven nunca nin terei
canto riron
aquele día
o seu primeiro día
ao verme
mexada
e eu aledeime
polo menos ver caras de risa
no traballo
polo menos
iso

Paula Carballeira

ESCENA ÚNICA. TRES MULLERES E UN SOLDADO.

UNHA MULLER.-

Cada vez que paso por diante da súa casa penso nela.

Denuncieina.

Outras persoas creñe donas dos seus mobles, das súas terras, da súa roupa.

Eu asumín a culpa.

A ela levárona espida.

Unha pel tan branca que alumeaba na noite.

Non deixaron que cubrise o corpo.

E iso que era xaneiro.

Cortáronlle o cabelo.

OUTRA MULLER.-

Cando pasamos por diante da súa casa, miña nai queda quieta, cos ollos cravados na porta.

É unha porta de madeira, rexa. Parece imposíbel que alguén poida fendela.

Os ollos da miña nai teñen a cor gris do mar de inverno.

Hai xente que non lle fala á miña nai. Tórcenlle a cara.

Outras veciñas baixan a mirada.

Miña nai só queda quieta diante daquela porta. Cada mañá. Uns minutos.

Agáchase, persígnase, e bota a andar.

ELA.-

Ao cruzar a porta souben que non volvería a esa casa.

Choraba de frío.

O bafo que me saía da boca non chegaba para cubrirme enteira.

Un dos soldados daba as ordes. Fora co meu irmán á escola.

Os outros calaban e obedecían.

Leváronme ao río.

Lembrei que das sabas que retorcen as lavadeiras da noite caen pingas de sangue.

Había lúa.

As sombras burlábanse de nós entre os ameneiros.

OUTRA MULLER.-

Non querían a casa, querían as terras.

Pero iso non é escusa.

Miña nai non ten terras.

Miña nai vive nunha residencia porque eu tampouco teño terras nin tempo para ela.

Miña nai camiña cada mañá dous quilómetros ata quedar diante dunha porta de madeira.

Ás veces acompaña.

Miña nai arrecende a chocolate.

ELA.-

Estamos na escola, sentadas unha a carón da outra.

Somos amigas.

Nunca pensamos noutro medo que no das sombras.

Nunca pensamos que o medo pode ter nome.

O noso nome.

Eu coñecía o nome do soldado que me matou.

Deixoume aboiar nas augas do río.

En inverno.

Non entendo como non me veu recoller e taparme cunha manta.

Aínda que eu xa non puidese chorar.

UNHA MULLER.-

Na escola, dábame onzas de chocolate.

Non a sinalei por iso.

Foi o medo.

Comiamos chocolate e sorriamos.

Cos dentes negros.

Ao sorrir, as súas meixelas arrubiaban.

No medio dunha pel tan branca.

Acabaron os sorrisos, pero deixáronme o chocolate.

Ás veces, poño unha onza baixo a porta de madeira.

A porta da que foi a súa casa.

A porta que fenderon para sacala espida.

A porta que permaneceu aberta coma un berro ata que alguén lle puxo unha táboa por riba.

O SOLDADO.-

Resoaban ao lonxe uns golpes, coma se batesen co xabón na roupa enriba da laxe do lavadoiro.

Pero era unha noite fría de máis para que alguén mollase as mans.

A única persoa que viu o seu cadáver nas augas do río foi a muller que a denunciou.

Unha muller de ollos grises.

VOCES DE FÓRA

DOOR
NOVA

EUGENIO MONTALE (1896-1981): POEMAS PARA UNHA VIAXE A CINQUE TERRE E XÉNOVA

Miro Villar

En agosto de 2018 fixen parte dunha «Viaxe ao noroeste de Italia (Lombardía, Piemonte e Liguria)», organizada polo Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte,¹ que preside Xosé María Lema Suárez, e artellada tamén por Chus Barbeira Pose. Unha característica que singulariza estas xeiras son as denominadas «aulas móbiles ou rodantes», aproveitando as moitas horas de autobús para palestras sobre os máis diversos saberes: arte e arquitectura, historia, economía e sociedade, literatura, música, xeoloxía...

Nesta ocasión, a guía que se puxo a disposición dos viaxeiros e as viaxeiras incluía na súa versión dixital a miña achega titulada «Cinque Terre e Genova na poesía de Eugenio Montale (1896-1981), premio Nobel en 1975», un dos meus poetas de cabeceira. Para a súa preparación botei man, sobre todo, da obra bilingüe italiano-castelán *Poesía completa*, con traducción, prólogo e notas de Fabio Morábito (Galaxia Gutenberg/Círculo de Lectores, Barcelona, 2006).

Alén de recoller de maneira breve unha serie de datos significativos sobre a súa biografía, escribín esta versión galega (ás veces algo afastada da castelá achegada polo excelente poeta e tradutor Fabio Morábito) dunha escolla de poemas sobre o territorio que iamos visitar, así como unhas notas que contextualizaban os poemas.

As notas bio-bibliográficas seguen ou versionan fragmentos do «Prólogo» de Fabio Morábito na citada *Poesía completa*, a día de hoxe unha referencia obrigada para achegármonos á obra poética do ilustre xenovés. Velaquí:

EUGENIO MONTALE naceu en Xénova (Genova en italiano, Zena en lígur e xenovés) o 12 de outubro de 1896, no seo dunha familia acomodada.

¹ <http://semescom.gal/>

Tamén debeu de selarse daquela (na mocidade), neses paseos divagantes pola Xénova laboriosa de principios de século (...), a importancia do mar na percepción montaliana da realidade. Quen coñeza Liguria, recoñecerá nos poemas de *Ossi di seppia* (*Ósos de sepia*) [1920-1927], o primeiro libro de Montale, unha auscultación case encarnizada da súa paisaxe mariña, en especial a parte que vai desde Xénova deica Cinque Terre, onde a familia de Montale tiña unha casa de veraneo na localidade de Monterosso; unha paisaxe escabrosa, na que a violencia da vaga de mar, o vento, os salseiros e a vexetación aferrada na rocha constitúen emblemas dunha radical dificultade de vivir, dunha indecisión crónica que ten a súa obxectivación máis acabada na luz do mediodía, esa luz paralizante e a miúdo espectral que tivo en Montale, talvez, o seu cantor máis profundo (...).

Porén, a primeira vocación de Montale non foi a poesía senón o *bel canto*, cuxos estudos abandonou debido á morte do seu mestre, Ernesto Sivori, e ao estalido da Primeira Guerra Mundial. Desta inclinación vaille quedar un gusto pola ópera e o melodrama, que non deixará de se reflectir na súa poesía, caracterizada por unha peculiar conxunción de encantamento musical e pesimismo filosófico.

Entre 1929 e 1938, radicado en Firenze (Florenxia), ocupa o cargo de director do Gabinetto Vieusseux, unha das bibliotecas máis importantes da cidade. Tras perder ese cargo, perseguido polo réxime fascista (Mussolini), sobrevive como redactor de artigos e tradutor. É a época de *Le Giubbe Rosse* (*As Casacas Vermellas*), o célebre café onde Montale frecuenta a escritores e intelectuais antifascistas, entre eles o poeta Salvatore Quasimodo. Tamén coñece en Firenze as dúas mulleres fundamentais da súa vida: Drusilla Tanzi («Mosca», para as amizades), coa que casa, e Irma Brandeis, norteamericana estudosa de Dante, con quen mantivo unha relación tormentosa que inspirou boa parte de *Le occasioni* (*As ocasións*) [1928-1939] e *La bufera e altro* (*A tormenta e algo máis*) [1940-1954].

Nota de meu: por certo, o título da primeira parte deste libro é «Finisterre», que se publicara como fascículo con textos dos primeiros anos da Segunda Guerra Mundial, polo que debe tratarse dun uso metafórico ou simbólico do topónimo como apocalipse, no dicir da maioría da crítica. Na cuarta parte deste mesmo libro tamén fala da Fisterra bretoa, nun poema intitulado:

Verso Finistère

Col bramire dei cervi nella piovà
d'Armor l'arco del tuo ciglio s'è spento
al primo buio per filtrare poi
sull'intonaco albale dove prillano
ruote di cicli, fusi, razzi, frange
d'alberi scossi. Forse non ho altra prova
che Dio mi vede e che le tue pupille
d'acquamarina guardano per lui.

*

Cara a Finistère

Cos bramidos dos cervos na chuvia
de Armor² o arco do teu cello apágase
na escuridade para logo se filtrar
na revocadura albar onde xiran
rodas de bicicletas, fusos, foguetes, flocos
de árbores sacudidas. Quizais non teño outra proba
de que Deus me ve e que me mira
coas túas meniñas de augamariña.

En 1948, o *Corriere della Sera* vaino contratar como redactor (...) e trasládase a Milano, sede do xornal. Desde aquela, a intensa actividade xornalística que desenvolve terá unha indubidable influencia na súa poesía.

A partir de *Satura* (nunca se traduce, provén da «sátira» latina) [1962-1970], o ton reconcentrado e íntimo dos primeiros libros deixa paso a unha escrita máis sinxela e coloquial, onde o pesimismo metafísico se volve crítica mordaz que se mantén nos seguintes libros: *Diario del '71 y del '72* [1972]; *Quaderno di quattro anni (Caderno de catro anos)* [1973-1977]; *Altri versi (Outros versos)* [1972-1980] e *Diario Postumo* [1969-1979].

Eugenio Montale fina en Milano en 1981, cheo de honores e recoñecementos, entre eles o premio Nobel, que se lle outorga en 1975.

² Armor: nome céltico da Bretaña.

OS POEMAS ONDE CITA LUGARES DE CINQUE TERRE OU DE XÉNOVA

A poesía de Eugenio Montale non é descritiva nunca, e a crítica adoita considerar que é «hermética» ou «pouco transparente». Aínda que baseándome nas propostas do tradutor Fabio Morábito, propoño estas versións galegas da miña autoría (con bastantes mudanzas) dos poemas que teñen máis relación cos espazos xeográficos de Cinque Terre e Xénova, segundo indica Fabio nas súas notas.

PORTOVENERE

Localidade da costa de Liguria, a un paso de La Spezia. Non fica lonxe de Monterosso, onde a familia de Montale tiña o costume de veranear.

Portovenere

Là fuoresce il Tritone
dai flutti che lambiscono
le soglie d'un cristiano
tempio, ed ogni ora prossima
è antica. Ogni dubbiozza
si conduce per mano
come una fanciulletta amica.

Là non è chi si guardi
o stia di sé in ascolto.
Quivi sei alle origini
e decidere è stolto:
ripartirai più tardi
per assumere un volto.

Portovenere

Alá emerxe o Tritón
das ondas que lamben
as soleiras dun templo
cristián, e cada hora próxima
é antiga. Cada dúbida
lévase da man
como unha rapaciña amiga.

Alá non hai quen se mire
ou estea á escoita de si propio.
Aquí estás nas orixes
e decidir é insensato:
máis tarde partirás de novo
para asumir un rostro.

Do libro *Ossi di seppia* (*Ósos de sepia*) [1920-1927]



TELLARO

Pequena localidade na costa lígur, preto de Monterosso, lugar de veraneo da familia de Montale.

Verso Tellaro

... cupole di fogliame da cui sprizza
una polifonia di limoni e di arance
e il velo evanescente di una spuma,
di una cipria di mare che nessun piede
d' uomo ha toccato o sembra, ma purtroppo
il treno accelera...

*

Cara a Tellaro

... cúpulas de follaxe das que agroma
unha polifonía de limóns e de laranxas
e o veo evanescente dunha espuma,
dun talco de mar que ningún pé
de home tocou ou semella, mais infelizmente
o tren acelera...



VELLOS VERSOS

Os lugares mencionados no poema, como son a illa de Tino e as localidades de Corniglia e Vernazza, pertencen a esa parte de Liguria coñecida como Cinque Terre, onde a familia Montale posuía unha casa de veraneo na vila de Monterosso.

Vecchi versi

Ricordo la farfalla ch'era entrata
dai vetri schiusi nella sera fumida
su la costa raccolta, dilavata
dal trascorrere iroso delle spume.
Muoveva tutta l'aria del crepuscolo a un fioco
occiduo palpebrare della traccia
che divide acqua e terra; ed il punto atono
del faro che baluginava sulla
roccia del Tino, cerula, tre volte
si dilatò e si spense in un altro oro.
Mia madre stava accanto a me seduta
presso il tavolo ingombro dalle carte
da giuoco alzate a due per volta come
attendamenti nani pei soldati
dei nipoti sbandati già dal sonno.
Si schiodava dall'alto impetuoso
un nembo d'aria diaccia, diluviava
sul nido di Corniglia rugginoso.
Poi fu l'oscurità piena, e dal mare
un rombo basso e assiduo come un lungo
regolato concerto, ed il gonfiare
d'un pallore ondulante oltre la siepe
cimata dei pitòsfori. Nel breve
vano della mia stanza, ove la lampada
tremava dentro una ragnata fucsia,
penetrò la farfalla, al paralume
giunse e le conterie che l'avvolgevano
segnando i muri di riflessi ombrati
eguali come fregi si sconvolsero

e sullo scialbo corse alle pareti
un fascio semovente di fili esili.

Era un insetto orribile dal becco
aguzzo, gli occhi avvolti come d'una
rossastra fotosfera, al dosso il teschio
umano; e attorno dava se una mano
tentava di ghermirlo un acre sibilo
che agghiacciava.

Batté più volte sordo sulla tavola,
sui vetri ribatté chiusi dal vento,
e da sé ritrovò la via dell'aria,
si perse nelle tenebre. Dal porto
di Vernazza le luci erano a tratti
scancellate dal crescere dell'onde
invisibili al fondo della notte.

Poi tornò la farfalla dentro il nicchio
che chiudeva la lampada, discese
sui giornali del tavolo, scrollò
pazza aliando le carte –
e fu per sempre
con le cose che chiudono in un giro
sicuro come il giorno, e la memoria
in sé le cresce, sole vive d'una
vita che disparì sotterra: insieme
coi volti familiari che oggi sperde
non più il sonno ma un'altra noia; accanto
ai muri antichi, ai lidi, alla tartana
che imbarcava
tronchi di pino a riva ad ogni mese,
al segno del torrente, che discende
ancora al mare e la sua via si scava.

*

Vellos versos

Recordo a bolboreta que entrou
pola fiestra entreaberta na tarde nevoenta
da costa recollida, lavada
polo irado transcorrer da espuma.
Movía todo o ar do crepúsculo a un frouxo
declive palpebrexar do trazo
que divide auga e terra; o punto átono
do faro que refulxía
nas rochas do Tino, cerúlea, tres veces
a se dilatar e se apagar nun outro ouro.
Miña nai estaba a carón de min sentada
cabo da mesa estrada polas cartas
do xogo levantadas por parellas
como pequenas tendas para os soldados
dos netos xa afastados polo sono.
Abríase impetuoso desde o ceo
un nimbo de ar xélido, diluviaba
sobre o niño enferruxado de Corniglia.
Despois foi a escuridade plena, e do mar
un estrondo baixo e continuo como un longo
concerto regulado, e o inchar
dunha ondulante palidez alén da sebe
recortada dos pitósporos¹. No breve
oco do meu cuarto, onde a lámpada
tremía dun esfiañado fucsia,
penetrou a bolboreta, cara á pantalla
achegouse e as doas que a envolvían
senalando os muros con reflexos sombrizos
tal coma frisos estarreceron
e sobre o encalado corre nas paredes
un feixe autónomo de delgados fíos.

Era un insecto horrible co bico
agudo, os ollos envoltos como dunha
avermellada fotosfera, no dorso a caveira
humana; e daba, se unha man

¹ Azahar da China.

tentaba agarralo, un agre asubío
que espavorecía.

Bateu xordo varias veces sobre a mesa,
volveu bater contra os vidros pechados polo vento,
e por si soa atopou o camiño do aire libre,
e perdeuse nas tebras. Desde o porto
de Vernazza as luces eran os trazos
esborrachados pola crecida das ondas
invisibles ao fondo da noite.

Despois retornou a bolboreta ao nicho
que pechaba a lámpada, descendeu
sobre os xornais da mesa, revoando
ás toas abaneou as cartas –
e foise para sempre
coas cousas que pechan nun círculo
seguro como o día, e a memoria
que crece por si mesma, únicas vivas
dunha vida que dispar se soterra: xunto
cos rostros familiares que hoxe perde
non xa co sono senón co aburrimento;
preto dos antigos muros, das praias, da tartana
que embarcaba
troncos de piñeiros a bordo todos os meses,
da pegada do torrente, que descende
aínda cara ao mar e escava o seu camiño.

Do libro *Le occasioni* (*As ocasións*) [1928-1939]

“HEI VOLVER PERDERTE, SÁBELO E NON PODO”

Sottoripa: pórticos de Xénova, xunto ao mar.

Lo sai: debbo riperderti e non posso.
Come un tiro aggiustato mi sommuove
ogni opera, ogni grido e anche lo spiro
salino che straripa
dai moli e fa l’oscura primavera
di Sottoripa.

Paese di ferrame e alberature
a selva nella polvere del vespro.
Un ronzio lungo viene dall’aperto,
strazia com’unghia i vetri. Cerco il segno
smarrito, il pegno solo ch’ebbi in grazia
da te.

E l’inferno è certo.

*

Hei volver perderte, sábelo e non podo.
Como un tiro certoiro que me revolve
cada obra, cada berro e aínda o sopra
salino que reborda
nos peiraos e fai a escura primavera
de Sottoripa.

País de ferraxes e arboraduras,
a selva na poeira do solpor.
Un longo zunido vén do mar aberto,
manca como as uñas os vidros. Busco o sinal
extraviado, a única prenda que tiveches a ben
deixarme.

E o inferno é certo.

Do libro *Le occasioni* (*As ocasións*) [1928-1939]

“MOITOS ANOS, E UN MÁIS DURO SOBRE O LAGO”

San Giorgio (San Xurxo), que como é sabido, adoita retratarse matando un dragón cunha lanza, é o santo patrón de Xénova.

Molti anni, e uno più duro sopra il lago
straniero su cui ardono i tramonti.
Poi scendesti dai monti a riportarmi
San Giorgio e il Drago.

Imprimerli potessi sul palvese
che s’agita alla frusta del grecale
in cuore... E per te scendere in un gorgo
di fedeltà immortale.

*

Moitos anos, e un máis duro sobre o lago
estranxeiro no que arden os solpores.
Despois descendiches dos montes a me devolver
San Xurxo e o Dragón.

Se puidesen imprimirse sobre o palvés¹
que se axita coa fusta do grecale²
no corazón... E para ti descender nun remuíño
de fidelidade inmortal.

Do libro *Le occasioni* (*As ocasións*) [1928-1939]

¹ Escudo oblongo que cubría gran parte do corpo dos combatentes.

² Vento que vén do oeste, de Grecia.

REALISMO NON MÁXICO

Acquasola: parque no centro de Xénova. La Pira: xogo intraducible de palabras que alude a Giorgio La Pira (1904-1971), socialista cristián, alcalde de Firenze en dous períodos.

Realismo non mágico

Che cos'è la realtà

il grattacielo o il formichiere
il Logo o lo sbadiglio
l'influenza febbrile
o la fabbrile o quella
del psicagogo

Che cosa resta incrostato
nel cavo della memoria
la cresima, la bocciatura,
il primo figlio (non ne ho),
le prime botte prese
o date,
il primo giorno (quale?),
le nozze, i funerali,
la prima multa, la prima
grossa impostura,
la sveglia da cinque lire
a suoneria
o l'altra col ghirigoro dell'usignolo,
la banda all' Acquasola,
la Pira (La) non accesa ma a bagnomaria
tra le dolci sorelle
dell'Istituto di Radiologia,
le visite e la morte della zia
di Pietrasanta

e tanta
e tanta e troppa roba, non so quale

Che cosa di noi resta
agli altri
(nulla di nulla all'Altro)
quando avremo dimesso
noi stessi
e non penseremo ai pensieri
che abbiamo avuto perché
non lo permetterà
Chi potrà o non potrà,
questo non posso dirlo.

Ed è l'impaccio,
la sola obiezione che si fa
a chi vorrebbe abbattere il feticcio
dell'Inutilità.

*

Realismo non máximo

Que é a realidade

o rañaceos ou o oso formigueiro
o Logos ou o bocexo
a influenza febril
ou a fabril ou aquela
do psicagogo¹

Que cousa fica incrustada
no oco da memoria
a confirmación, o exame suspenso,
o primeiro fillo (non teño),
a primeira malleira dada
ou recibida,
o primeiro día (cal?),
as vodas, os funerais,
a primeira multa, a primeira
gran impostura,
os espetador das cinco liras

¹ Mago que facía profesión de evocar as sombras dos mortos.

co son da chamada
ou o outro co gorgolexo do reiseñor,
a banda nos xardíns de Acquasola,
a Pira (La) non acesa senón ao baño maría
entre as doces irmás
do Instituto de Radioloxía,
as visitas e a morte da tía
de Pietrasanta

e tantas
e tantas e demasiadas cousas, non sei cales

Que cousa fica de nós
aos outros
(nada de nada ao Outro)
cando teremos dimitido
nós mesmos
e non pensaremos nos pensamentos
que tivemos porque
non o permitirá
Quen poderá ou non poderá,
isto non podo dicilo.

E é o apuro,
a única obxección que se lle fai
a quen quixera derrubar o fetiche
da Inutilidade.

Do libro *Satura* [1962-1970]

CORSO DOGALI

Rúa de Xénova. No enderezo Corso Dogali 5, está a «Casa natale». Unha placa indica a casa natal de Eugenio Montale: «Il poeta / Eugenio Montale / (1896-1981) / nacque in questa casa / il 12 ottobre 1896».

Corso Dogali

Se frugo addietro fino a Corso Dogali
non vedo che il Carubba con l'organino
a manovella
E il cieco che vendeva il bollettino
del lotto. Gesti e strida erano pari.
Tutti e due storpi ispidi rognosi
come i cani bastardi dei gitani
e tutti e due famosi nella strada,
perfetti nell'anchilosi e nei suoni.
La perfezione: quella che se dico
Carubba è il cielo che non ho mai toccato.

*

Corso Dogali

Se volto cara atrás ata Corso Dogali
xa non vexo a Carubba co órgano
de manivela
e o cego que vendía os boletos
da lotaría. Xestos e berros eran semellantes.
Ambos os dous tolleitos peludos cotrosos
como os cans bastardos dos xitanos
e ambos os dous famosos na rúa,
perfectos na anquilose e nos sonidos.
A perfección: a que se eu digo
Carubba é o ceo que nunca toquei.

Do libro *Diario del '71 e del '72* [1972]

MONOLOGO

Barnabiti: *Barnabitas* procede do latín *Barnāba*, Bernabé, por alusión á igrexa de San Bernabé de Milán, na que estes relixiosos comenzaron o seu exercicio en 1530. No Colexio dos Barnabitas de Xénova estudou Montale cando era rapaz.

MONOLOGO

Non mi affaccio più
dal parapetto
per vedere se arriva
la diligenza a cavalli
che porta gli scolari dai Barnabiti.
Poi lunghi tratti di vita
appaiono scancellati
mi sembra sciocco chi crede
che la vita non soffre interruzioni
non si tratta di morte e resurrezioni
ma di lunghe discese agl'Inferi dove ribolle
qualche cosa non giunta al punto di rottura
ma questo sarebbe la morte che detestiamo.
così ci contentiamo di un ribollio
che è come un tuono lontano,
qualcosa sta accadendo nell'Universo
una ricerca di se stesso
di un senso per poi ricominciare
e noi a rimorchio, cascami
che si buttano via
o cade ciascuno da sé.

*

MONÓLOGO

Non me asomo máis
ao parapeto
para ver se chega
a dilixencia de cabalos
que leva aos escolares dos Barnabitas.

Despois longos traxectos da vida
aparecen borrados
paréceme parvo quen cre
que a vida non sofre interrupcións
non se trata de morte e resurreccións
senón de longos descensos aos Infernos onde ferve
calquera cousa non chegada ao punto de ruptura
mais isto sería a morte que detestamos
así nos contentamos cun rebulicio
que é como un trono afastado,
algo está sucedendo no Universo
unha busca de si mesmo
dun senso para despois recomenzar
e nós a remolque, cascallos
que se botan
ou caen por si propios.

Do libro *Altri versi (Outros versos)* [1972-1980]

CÀFFARO

Nome da rúa, Càffaro di Caschifellone (1080-1164), historiador xenovés, autor dos *Annali*, que cobren a historia da cidade entre 1099 e 1163. *Circonvallazione*: bulevar de Xénova. *Andò*: Flavio Andò (1851-1915), actor dramático. Para respectar o xogo de palabras do orixinal cambiouse o apelido por Andou.

Càffaro

La vecchia strada in salita è via Càffaro.
In questa strada si stampava il Càffaro,
il giornale più ricco di necrologi economici.
Aperto in rare occasioni c'era un teatro già illustre
e anche qualche negozio di commestibili.
Mio padre era il solo lettore del Càffaro
quello dov'era dolce spengersi tra le braccia
d'infinite propaggini. Fornito di monocolo
col nastro il Direttore del giornale
e anche un suo alter ego con in più una mèche bianca
a cui doveva non poco lustro. Si diceva
che per arrotondare i suoi magri profitti
il dotto traduttore del Càffaro annalista
doveva essere lui ma poi l'impresa
passò ad altri e nessuno se ne dolse.
Col fiato grosso salivo a Circonvallazione.
Io con manuali scolastici, il Direttore scendeva
ma il suo occhio di vetro mai si fermò su me.
Di lui nulla si seppe. Più sconsigliato invece
il traduttore mancato portò sulla piccola scena
un suo dramme storico del quale in robone ducale
fu interprete l'Andò e andò malissimo
tanto che quando apparve la nota mèche al proscenio
un grido di bulicciu! divallò dalle alture
e fu l'unico omaggio che i suoi fedeli
se mai ne fu taluno vollero tributargli.

*

Càffaro

A vella rúa costa arriba é vía Càffaro.
Nesta rúa imprimíase o *Càffaro*,
o xornal máis rico de necrolóxicas económicas.
Aberto en raras ocasións había un teatro xa ilustre
e tamén algunhas tendas de comestibles.
O meu pai era o único lector do *Càffaro*
aquele onde era doce apagarse entre os brazos
de infinitas ramificacións. Fornecido dun monóculo
con cinta o Director do xornal
e tamén un alter ego con máis dunha mecha branca
á que debía non pouco lustre. Díciase
que para engordar os seus magros beneficios
o douto tradutor do *Càffaro* analista
debía ser el mesmo mais despois a empresa
pasou a outras mans e ninguén se lamentou.
Co bafexo saíu cara á *Circonvallazione*.
Eu cos manuales escolares, o Director baixaba
mais os seus ollos de vidro nunca se detiveron en min.
Del nada se soubo. En cambio mal aconsellado
o frustrado tradutor levou ao escenario
un dramón histórico de seu que en toga ducal
foi interpretado por Andou e andou tan mal
tanto que cando apareceu a mecha no proscenio
un berro de maricas! baixou das alturas
e foi a única homenaxe que os seus fieis
se é que tivo algún quixeron tributarlle.

Do libro *Altri versi (Outros versos)* [1972-1980]






POÉTICAS

DOOR
NOVA

Claudio Rodríguez Fer



DIÁLOGOS IMPOSIBLES

Camille Claudel
retratouse no estudio Photographie Cesar,
no número 30 da Rue Delambre de París,
sobre o ano 1884.




André Breton
instalouse no Hôtel Delambre,
no número 35 da Rue Delambre de París,
durante o ano 1921.

Mais Camille Claudel e André Breton
encontráronse no Hôtel Delambre,
agora número 36 da Rue Delambre de París,
no ano 2005
e estableceron os presentes

DIÁLOGOS IMPOSIBLES
DE CAMILLE CLAUDEL E ANDRÉ BRETON
SOBRE A PAIXÓN
DURANTE CATRO NOITES E CATRO DÍAS,
ET TOUT LE RESTE EST LITTÉRATURE




Primeira noite
A NOITE DAS POLDRAS



Primeiro día
ERECCIÓN




Segunda noite
A NOITE DAS REVOLUCIÓNS




Terceiro día
DECÚBITO



Terceira noite
A NOITE DAS ANARQUIAS



Terceiro día
LEVANTAMENTO



Cuarta noite
A NOITE DAS POESÍAS



Cuarto día
COMUÑÓN



Olga Rovo

Eu Camille, ti André.
Eu André, ti Camille.

Quizais existan zonas eróxenas no planeta, ocultas a ollos non exaltados, mais que ante a mirada poética se desvelan e revelan como *axis mundi* onde se fai posible o irreal, o surreal, o necesario. Así como en estado de amor se manifestan dun xeito luminoso as sincronías simbólicas, e entón o mapa do azar devén unha cartografía diáfana. Eu creo que a creación máis profunda e radical participa deste estado de excitación da lucidez, como en gran medida se pode ver na obra e no percurso vital de dúas das grandes personalidades artísticas que nos deixou o século XX: a escultora Camille Claudel e o poeta surrealista André Breton.

Ela, a creadora pasional, a entrega amorosa, a independencia radical, a lúcida tola soñando encerrada no manicomio. El, o visionario libre, o cantor do amor tolo, o revolucionario exiliado na illa fuxindo do fascismo. Un fío marabilloso os une mais a temporalidade non provocou o seu encontro.

Pero na Poesía é posible a unión e é posible o diálogo e, polo tanto, é necesario que o azar obxectivo cumpra os designios do desexo. Máis aló do *real*, que afastou a dous seres destinados a encarnar o pensamento pasional, Claudio Rodríguez Fer crea un cronotopo amoroso que os (re)úne nun *axis mundi* parisiense: a rue Delambre, pola que ambos pasearon sen atoparse.

Camille Claudel retratouse no estudio fotográfico «César», no número 30 da rue Delambre (cca. 1884), e nesa mesma rúa habitaría no hotel Delambre, sito no número 35, André Breton no ano 1921. No cruce de camiños atemporal fican as pegadas de ambos, sobre as que camiñan os amantes que encarnan nun século distinto a posibilidade do dialoxismo amoroso a través destes «Diálogos imposibles de Camille Claudel e André Breton sobre a paixón, durante catro noites e catro días, *et tout le reste est littérature*» (2005).

CAMILLE

Eu semicírculo, ti lóstrego. Chegas a min coa forza surreal da penetrante lucidez amorosa. As miñas mans modelan o mundo, ti pintas a miña

pel. Eu creo do nada un corpo, ti pos no centro do mundo o meu corpo. A miña independencia emocionate. Son a tola soñando. Libre canda ti camiñando sós por esta rúa.

ANDRÉ

Esta é a nosa noite. O teu signo vital é unha poldra. Quero penetrar as imaxes de barro da túa mente. O teu mármore íntimo. A caverna antiplatónica na que só hai pracer e nunca sombra.

CAMILLE

Esperto na primeira mañá do mundo. Contemplo extasiada a túa excitación. E non sei se son un home, unha muller, os dous, no lenzo deste leito, no leito deste lenzo.

ANDRÉ

Amo a túa total entrega e es non miña endexamais. Só existe ao teu carón a miña Revolución surrealista. A ela dedicarei a miña existencia no cuarto deste hotel, ata o final da vida.

CAMILLE

Somos unha colaxe viva. Xacemos xuntos neste non lugar que é o único que existe. Recortes do tempo no espazo do amor. A nosa paixón inaugura unha arte nova que só pode ser comprendida intelectivamente tras ser experimentada corporalmente. Facemos o Amor.

ANDRÉ

Esta é a noite das anarquías. Tristes deuses e tristes amos que nunca coñeceron a verdade da vida. Amarte sen pudor e sen poder con toda a miña enerxía.

CAMILLE

Xa cantan os galos pró día, érgueste meu ben e vés a min. Xa cantan os galos pró día.

ANDRÉ

Esta é a noite das poesías. Entrar en ti como entra o meu cerebro na inmensidade do cosmos. Quedar exhausto tras quedar exhausto. No abandono total do espazo infinito. Na marabilla do un que é todo e somos nós. Entro en ti interrogándome a min.

CAMILLE

Entras en min e sei toda resposta. Coñezo a comunión da materia e revélaseme o sentido en cada sentido. Podo ouvirte coas mans. Podo tocarte cos ollos. Déixome existir no devalar do teu abrazo. Estou na Porta do Paraíso. Amámonos. Falamos. E creamos un mundo novo.

EU ANDRÉ, TI CAMILLE.

EU CAMILLE, TI ANDRÉ.

SUMARIO

- 5 **CREACIÓN**
- 7 **AFRA TORRADO**
stand-by
- 8 **ANA VARELA MIÑO**
De peixes e outras vísceras
- 11 **BELÉN SENÍN**
*Natureza morta de dúas mazás e un coitelo
(a humanidade en tres actos)*
- 16 **CELSO FERNÁNDEZ SANMARTÍN**
[*Ceguei tarde*]
- 18 **GONZALO HERMO**
Eurídice
O tremor
- 21 **ISMAEL RAMOS**
A fotografía
- 23 **LARA DOPAZO RUIBAL**
poema azul
- 28 **MARÍA DO CEBREIRO**
Santa Mariña de Augas Santas
- 31 **MARÍA LADO**
prohibido pintar
[*cubríanos*]

- 34 MÍRIAM FERRADÁNS
Outono
- 38 OLALLA TUÑAS
Fronteira
- 39 PAULA ANTÍA REY
Cartofilia
- 41 QUICO VALEIRAS
A illa
- 43 ANA CABALEIRO
Sempre había patacas
- 48 ANNA R. FIGUEIREDO
Perdices e perdices
- 50 REXINA VEGA
Fosfato de calcio
- 52 XAVIER QUEIPO
A esfera fría
- 56 XOSÉ CARLOS CARRACEDO PORTO
Infancias
Estilo plop
Ira
- 59 ESTHER F. CARRODEGUAS
malcriada
- 65 PAULA CARBALLEIRA
Escena única. Tres mulleres e un soldado
- 67 **VOCES DE FÓRA**
- 69 EUGENIO MONTALE (1896-1981): POEMAS PARA UNHA VIAXE
A CINQUE TERRE E XÉNOVA
Introdución Miro Villar
- 72 EUGENIO MONTALE
[Portovenere] | [*Portovenere*]
[Verso Tellaro] | [*Cara a Tellaro*]
[Vecchi versi] | [*Vellos versos*]
[Lo sai: debbo riperderti e non posso] | [*Hei volver perderte, sábelo e non podo*]

[Molti anni, e uno più duro sopra il lago] | [*Moitos anos, e un máis duro sobre o lago*]

[Realismo non mágico] | [*Realismo non máxico*]

[Corso Dogali] | [*Corso Dogali*]

[Monologo] | [*Monólogo*]

[*Càffaro*] | [*Càffaro*]

- 93 **POÉTICAS**
95 CLAUDIO RODRÍGUEZ FER
100 OLGA NOVO

Este volume da revista
Dorna. Expresión poética galega
saíu do prelo nos obradoiros da Imprenta
Universitaria. Compostela,
outono de 2018



DORNA



EXPRESSION POÈTICA GALEGA Nº 41
2018